

INAUGURACIÓN

AUDITORIO DE RIBEIRA

XUÑO - XULLO 2024

ACTO INSTITUCIONAL DE APERTURA
CONCERTO DA ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA
Animación de rúa e acollida con **BARAFUNDA**
Sábado 15 de xuño, a partir das 19:00 h
Entrada de balde ata completar cabida.
Recomendado +12 anos

MUSICAL INFANTIL "O MUNDO MÁXICO DE PINOCHO" DE EDUCATEATRO
Domingo 16 de xuño, ás 19:00 h.
Entrada de balde, recollida 1 h antes da función.
Recomendado +2 e -12 anos

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA
Martes 18 de xuño, ás 20:00 h
Entrada de balde, recollida 1 h antes da función.
Recomendado +8 anos

CONCERTO DO GRUPO NOAR
Xoves 20 de xuño, ás 11:00 h
Para alumnado de Educación Secundaria.

"BAILADORAS". ESPECTÁCULO DA ESCOLA MUNICIPAL DE BALLET
Sábado 22 de xuño, ás 20:00 h
Entrada de balde, coordinada pola EMBR.

ESPECTÁCULO "PASSPORT" DE YLLANA TEATRO
Venres 28 de xuño, ás 21:15 h
Entrada de balde, recollida 1 h antes da función.
Recomendado. +14 anos

FESTIVAL ENTREFOLCLORES DE TAHUME
G.B. TAHUME e FARALLÓN DE TABATA
Sábado 29 de xuño, ás 20:00 h
Entrada de balde, coordinada por Tahume.

ACTO DE CLAUSURA DO XUÑO DA CULTURA E AS ARTES
Coral Municipal de Ribeira
E. M. de Ballet de Ribeira
Domingo 30 de xuño, ás 20:30 h
Entrada de balde ata completar a cabida do local.
Recomendado TP

GALA DE NOVO CIRCO GALEGO
Desastronauts - Isla Le Triska - Fran Rei
Felix Garcia - Corina Mañá
Sábado 6 de xullo, ás 20:00 h
Entrada de balde, recollida 1 h antes da función.
Recomendado +2 anos

FESTIVAL DE BAILE MODERNO DE ALFAIA
Domingo 7 de xullo, ás 19:00 h
Entrada de balde, coordinada por Alfaia.

MUSICAL SOLIDARIO "NON ESTAMOS TOLAS"
MimArte A favor da AECC de Ribeira
Domingo 14 de xullo, ás 20:00 h
Entrada de balde, coordinada por AECC de Ribeira.



**Concello
de Ribeira**

 www.ribeira.gal

DOSSIER ESPECTÁCULOS INAUGURACIÓN AUDITORIO DE RIBEIRA. XUÑO-XULLO DE 2024.

O período inaugural do novo auditorio municipal abarcará do 15 de xuño ao 14 de xullo. Neste tempo nas instalacións organizaranse espectáculos e eventos culturais de distinta natureza co obxectivo de amosar á cidadanía o potencial desta infraestrutura e o seu equipamento escénico de última xeración.

O feito de non realizar a inauguración unicamente nunha xornada ou cun acto ten o seu sentido en que queremos que este evento sexa aberto e chegue a toda a cidadanía posibilitando con varios espectáculos e actividades que a xente de todas as idades poida asistir e formar parte deste feito histórico ao tempo que multiplicamos o número de prazas existentes para que calquera persoa se sinta parte desta nova dependencia municipal, que consideramos fundamental para Ribeira e que pretendemos converter nunha referencia na programación cultural e oferta de ocio e entretemento da contorna en particular e do conxunto de Galicia en xeral.

O completo programa deseñado pola Concellería de Cultura de Ribeira recolle diversas propostas entre as que estarán un acto institucional de apertura cun concerto da orquestra de Cámara Galega e acollida con animación de rúa a cargo de Barafunda. Tamén se contará cun musical infantil e familiar da compañía Educateatro, unha actuación da Orquestra Sinfónica de Galicia, un concerto do grupo NOAR dirixido á alumnado de Secundaria do municipio, un espectáculo de teatro cómico xestual para adultos coa compañía de renome Yllana, o espectáculo fin de curso “Bailadoras” da escola municipal de ballet de Ribeira, unha gala de novo circo coa participación das mellores compañías e artistas desta disciplina a nivel galego, o festival de música tradicional Entrefolclore en colaboración co grupo Tahúme, o festival de baile moderno de Alfaia, o musical solidario “Non estamos tolas” de MimArte a favor da AECC de Ribeira ou o acto de clausura do Xuño da Cultura e as Artes 2024.

Sábado 15 xuño: Acto institucional de apertura coa Orquestra de Cámara Galega e a animación de rúa de Barafunda.

O acto institucional de apertura será a partir das 19:00 h coa animación de rúa e acollida de personaxes de Barafunda (un zancudo que repartirá aos asistentes o programa de inauguración e unha bailarina de ballet que repartirá o programa do concerto ademais dun malabarista; os tres interactuarán coa xente no exterior do edificio, no vestíbulo e faranse fotos acompañados de música ambiente); a continuación terá lugar o concerto estelar da **Orquestra de Cámara Galega**, ás 20:00 h na sala principal do auditorio.



A Orquestra de Cámara Galega leva a cabo un ambicioso plan de difusión, que inclúe novos repertorios e a creación de novos públicos. A súa excelencia interpretativa permítelle cubrir un amplo repertorio, dende o barroco ata a actualidade, asumindo o compromiso de dar a coñecer a música dos compositores galegos, con especial mención á obra do compositor Rogelio Groba.

A Orquestra de Cámara Galega colabora con solistas de renome internacional como Teresa Berganza, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, José Núñez, José Luis Estellés, entre outros.

Así mesmo, constitúese como orquestra residente do "Festival Groba", que se celebra anualmente en Ponteareas (España) e no que contou con destacados artistas como o violonchelista noruegués Oyvind Gimse, o violinista coreano Jin Joo Lee, Guillermo Figueroa, o frautista. André Cebrián, o trompetista David Fernández ou Esteban Batallán, trompetista solista da Orquestra Sinfónica de Chicago.

A OCGA ofrece concertos nas principais salas españolas, destacando o Auditorio Reina Sofía de Madrid, o Palau de la Música de Barcelona, a Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, o Teatro Real Maestranza de Sevilla, o Teatro Jovellanos de Xixón, o Palacio da Ópera da Coruña ou Auditorio de Galicia. Ao longo das súas numerosas xiras, actúan en Viena, "Spanien Modern Musikfestival", Nova York, Merkin Hall da Fundación Kaufman, Bos Aires, Metropolitan Theatre and Holland, Utrecht, Den Bosch, Amsterdam, Middleburg e De Doelen Auditorium de Rotterdam, como así como en Italia, no Palacio Ducal de Xénova.

A entrada nesta ocasión será por orde de fila ata completar a cabida do local dado que ao tratarse do Acto Institucional de Apertura haberá bastantes convites institucionais a autoridades, colaboradores, entidades, etc Daí o feito de que dende o concello se decidise que a inauguración se prolongase ao longo de varios eventos e datas, dirixido a distintos públicos e idades posibilitando, como antes se indicou, que chegue ao maior número de persoas e que ningunha interesada poida quedar sen asistir ao menos a unha das propostas ofertadas, sempre gratuítas e unicamente limitadas á cabida do local que é de 476 butacas (6 de mobilidade reducida) + 4 espazos reservados a cadeiras de rodas, sumando un total de 480 localidades na cabida do local.

Domingo 16 xuño: Musical infantil e familiar “O mundo máxico de Pinocho” da compañía Educateatro.

O público infantil e familiar terá o seu momento con motivo da inauguración do novo auditorio municipal co espectáculo **“O mundo máxico de Pinocho”**, da compañía Educateatro, o domingo 16 de xuño ás 19:00 h. A entrada será de balde, como en todo o programa inaugural, e poderá recollerse no propio auditorio 1 hora antes da función ata o máximo de dúas por persoa, podendo acceder á sala principal ½ h antes co comezo da sesión.

No mundo máxico de Pinocho, o público atoparase cunha curiosa adaptación ao teatro musical do clásico de Carlo Collodi. Unha historia contada a través dos ollos de Pepiño Grilo, que xunto coa Fada Mimadriña, Raposo e Gato acompañará a Pinocho no camiño de converterse nun neno de verdade.

Un camiño que comeza no taller de Gepetto, e que pasará pola escola, por un circo de monicreques onde un malvado titiriteiro intentará raptalo e ata pola barriga dun peixe xigante. Todo para que o protagonista aprenda que dicir mentiras ten as súas consecuencias.

Unha fermosa posta en escena cunha coidada selección musical teatralizada que non deixará a ninguén indiferente; a proposta máis ambiciosa desta compañía de recoñecida traxectoria a nivel galego e estatal.

Duración: 60 minutos

Idades recomendadas: A partir de 2 e ata 12 anos.



Martes 18 xuño: Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

O martes 18 de xuño, ás 20:00 h, contaremos coa actuación da **Orquestra Sinfónica de Galicia**, grazas á colaboración da Excma. Deputación da Coruña.

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube.

A OSG, cuxo director titular desde a temporada 2023-24 é Roberto González-Monjas e Víctor Pablo Pérez o seu director honorario, foi orquestra residente do Festival Rossini de Pésaro de 2003 a 2005 e do Festival Mozart da Coruña desde a súa creación en 1998.

Ademais, a súa presenza nacional e internacional foi constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemaña e Austria. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, Arxentina, Brasil, Uruguai e Montevideo—, a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e en 2016 ofreceu dous concertos nos Emiratos Árabes.



O concerto está previsto que de comezo ás 20:00 h na sala principal do auditorio municipal. A entrada, que será de balde, poderase recoller ata un máximo de 2 por persoa dende unha hora antes do comezo no propio vestíbulo do edificio, podendo acceder á sala dende media hora antes do inicio do concerto.

***Xoves 20 de xuño: Concerto do grupo NOAR para escolares
de Educación Secundaria do municipio.***

Tamén grazas á colaboración da Deputación da Coruña contaremos coa actuación do **grupo NOAR**, para público en idade escolar e máis concretamente de Educación Secundaria e, que terá lugar o xoves 20 de xuño ás 12:00 h, dirixido a todos os centros educativos do municipio que desexen participar.

Queremos deste xeito ter tamén un espazo na inauguración do auditorio, para o público xuvenil que resulta ás veces tan complicado atraer a propostas culturais e pensamos que con esta actividade musical con fins didácticos implicaremos a este colectivo na programación facéndoo partícipe plenamente.

NOAR son os gañadores do 2º Premio no Concurso Fran Pérez «Narf» 2022, Trátase do proxecto musical de Iago Marta (guitarra, efectos e loops) e Rubén Fernández (voz, efectos e loops), dous músicos galegos formados na escola jazzística catalana que nos ofrecen unha proposta intimista na que son capaces de tecer todo un universo sonoro.

Unha proposta con influencias procedentes de diversas galaxias estilísticas coma a canción popular, o jazz, o rock ou a improvisación libre que nos conducen por composición expansivas onde a dirección do camiño musical pode tomar roteiros inesperados.

NOAR Teaser: <https://www.youtube.com/watch?v=MemAmwSWQc0>



Sábado 22 xuño: “Bailadoras” Espectáculo fin de curso da Escola Municipal de Ballet de Ribeira.

O día 22 de xuño ás 20:00 h terá lugar o festival fin de curso da escola municipal de Ballet, dirixida pola profesora Cristina Riveiro.

Levará por título “Bailadoras” e será un espectáculo dunha hora na que actuarán unha trintena de alumnas da Escola Municipal de Ballet con idades comprendidas entre os 7 e os 18 anos. A entrada é de balde e será xestionada pola propia EMB de Ribeira.

As “bailadoras” de Ribeira farán un percorrido polo mar, camiño aberto ao descoñecido, unha actuación que invita a soñar e a descubrir o que podemos ver mais alá. A danza está intimamente ligada á música e máis nesta coreografía que vai especialmente dedicada aos diversos traballos que realizaron e realizan moitas mulleres de pobos e aldeas de Galicia.

Realizarán dez danzas:

- As Lavandeiras; baile dedicado as mulleres que ían lavar ao río, regatos e lavadoiros.
- As Redeiras; bailarán pezas diferentes, marcadas polo ritmo e o vaivén das ondas do mar.
- As Mariñeiras; nas que exercerán como derradeiras tripulantes do barco.



Venres 28 xuño: “Passport” da compañía de teatro Yllana.


O venres 28 de xuño, ás 21:15 h o auditorio acollerá a unha das mellores compañías de teatro cómico xestual da escena nacional e internacional como é Yllana, cun dos seus últimos espectáculos, “Passport”.

Passport é a historia de 4 cómicos de xira nun país chamado Komedistán. Os problemas na aduana para entrar no país, o conflito coa lingua nun restaurante, a hospedaxe nun hotel desastroso e o antes e o despois dunha función resumen a experiencia de traballar no estranxeiro.

Passport é unha homenaxe á vida dos artistas que traspasan as fronteiras co obxectivo final de compartir risas por todo o planeta.

Un dos shows máis exitosos da compañía que recolleu o aplauso unánime do público.

A compañía A Yllana foi fundada en 1991 como compañía de teatro de humor xestual, aínda que na actualidade diversifica a súa actividade ofrecendo diferentes servizos no mundo das artes escénicas e do audiovisual. Por unha banda dedícase á creación, produción e distribución de eventos, espectáculos e formatos audiovisuais e, por outra banda, xestiona espazos teatrais e desenvolve diferentes proxectos no ámbito cultural.



Os integrantes de Yllana son Juan Francisco Ramos, Marcos Ottone, David Ottone, Joseph O'Curneen e Fidel Fernández.

Nestes 31 anos Yllana produciu 37 espectáculos teatrais: ¡Muu! (1991), Glub, Glub (1994), 666 (1998), Hipo (1999), Rock and Clown (2000), Spingo (2001), Splash! (2002), Star Trip (2003), Monty Python's Best Sketches (2004), Olimplaff (2004), The Bald Singer (2005), Boo! (2006), PaGAGnini (2007), Musicall (2007), Brokers (2008), Zoo (2009), Sensormen (2010), Moo!2 (2011), The Hole (2011), Action Man (2012), Far West (2012), The Best Sketches of Monty Python (2013), Malikianini, Sinfónico Ara (2014), The Gagfather (2014), Chefs (2015), Yllana 25/Lo Mejor de Yllana (2016), The Primitals (2016), The Opera Locos (2018), Ben-Hur (2018), Gag Movie (2018), Maestrissimo (2019), Glubs (2020), Greenpiss (2020), Trash! (2021), No Todo Son Pulgas (2021), The Royal Gag Orchestra (2021) e Passport (2022).

Estas producións foron representadas máis de 16.000 veces en 48 países e foron vistas por case 6 millóns de espectadores. Destacan as tempadas teatrais en Nova York, Montreal, Cidade de México, Roma, Londres e París e a participación en festivais internacionais de gran prestixio no estranxeiro.

A compañía conta tamén cunha escola de teatro propia onde forman a xente en diversas categorías e modalidades da arte dramática. Os seus espectáculos acadaron numeros premios e mencións dentro e fora das nosas fronteiras. A entrada, que será de balde, poderase recoller ata un máximo de 2 por persoa dende unha hora antes do comezo no propio vestíbulo do edificio, podendo acceder á sala dende media hora antes do inicio do espectáculo.



Sábado 29 xuño: 7º Festival Entrefolclores de Tahume.

O grupo de baile e música tradicional Tahume, de Olveira, tamén terá un oco na programación inaugural do novo auditorio. O seu festival **Entrefolclores**, que neste 2024 celebra a sétima edición, celebrarase nestas instalacións o sábado 29 de xuño ás 20:00 h e contará coa participación da Asociación Cultural Farallón de Tábata (Canarias).

O GBMT Tahume é unha asociación sen ánimo de lucro constituída na parroquia de Olveira, no Concello de Ribeira no ano 1987. A base do seu traballo é a recompilación, conservación e divulgación do patrimonio inmaterial galego. A recollida das músicas, cantares e bailes realízase con desprazamentos por todo o noso territorio.

Esta transmisión entre xeracións de indumentarias, xoias, peiteados, ritos, mitos, lendas, costumes, crenzas, etc, permítelles coñecer a forma de vida daqueles tempos.

O GBMT Tahume tenta conservar este coñecemento e divulgalo reproducindo e interpretando movementos, cantos e músicas naqueles espectáculos nos que participa, tanto a nivel autonómico como nacional.

A entrada ao festival, de balde, será xestionada polo propio grupo Tahume.



Domingo 30 xuño: Acto de Clausura do Xuño da Cultura e as Artes.

O acto de clausura da programación do Xuño da Cultura e as Artes, coordinado pola área de Cultura de Ribeira e que neste 2024 chega á súa décimo primeira edición, contará coa participación das distintas entidades participantes durante ese mes ás que se lles fará entrega un diploma conmemorativo e un agasallo institucional que consistirá nunha peza de cerámica galega de Barreiros, co escudo institucional do municipio pintada a man en azul e branco.

O acto terá lugar ás 21:00 h con entrada de balde ata encher a cabida do local.



No evento tamén participará o grupo de rapazas (mediano) da Escola Municipal de Ballet, baixo a dirección de Cristina Riveiro, cunha peza de apertura e a Coral Polifónica Municipal de Ribeira, dirixida por Alexandre Fontán, que

ofrecerá unha pequena actuación do seu repertorio, para pechar o acto.

Tamén terá presenza neste acto a Escola Municipal de Teatro, dirixida por Óscar Romero, cunha pequena intervención dramática por determinar.

A presentación correrá a cargo do xestor cultural municipal, Unai González.



Sábado 6 xullo: Gala de Novo Circo Galego, de Culturactiva.

A altura da sala principal do novo auditorio de Ribeira en xeral e a altura do escenario en particular, cun peine ou parrilla que alcanza os 10,50 metros, permiten explotar unha nova potencialidade que ata agora resultaba imposible no auditorio actual, como é a organización dunha gala con números de circo acrobáticos aéreos.

Nesta gala que terá lugar ás 20:00 h actuarán entre outros, o afamado malabarista e clown Isla Le triska, os acróbatas Desastronauts e os artistas e Fran Rei (cómico e director teatral) e Félix Rodríguez (cómico, mestre e músico). A gala estará presentada pola actriz Corina Mañá.

A entrada, que será de balde, poderase recoller ata un máximo de 2 por persoa dende unha hora antes do comezo no propio vestíbulo do edificio, podendo acceder á sala dende media hora antes do inicio da gala.



Corina Mañá é unha actriz galega con traxectoria nas artes escénicas e no sector audiovisual, con experiencia como actriz, directora e presentadora. Estudou na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, realizou

adestramento actoral con Fernando Tato, e estivo en grupos de teatro como Nonsi ou Setestrelo baixo a dirección de Mónica Sueiro.

No eido audiovisual, traballou na TVG no programa Coa Luz do Corazón, onde se trataba a discapacidade visual e realizou algún traballo en cinema con directores como Xavier Bermúdez. Cursou estudos no conservatorio de música e toca o piano e a acordeón.



Isla LeTriska, malia a súa ampla traxectoria de dez anos nos escenarios, conserva íntegra a ansia artística, pura e rebelde, do principiante. Desde a ilusionante escena do Novo Circo galego, en máis dunha década de

carreira Isla LeTriska xamais se acomodou nunha mesma vertente artística. Dese xeito, é capaz de crear un espectáculo para o circuío de salas tan exitoso como é “*Fermín Noite*” para despois regresar ás orixes co seu espectáculo de rúa máis refinado e clásico.

Isla mantén a estética e a liña humorística dos grandes pallasos arxentinos nunha conexión directa co público, na que as falcatruadas agroman a cada pouco.



Tamén intervirán na gala os artistas **Fran Rei** e **Félix Rodríguez**, que ofrecerán varios “gags” ou números cómicos dos seus coñecidos e premiados espectáculos ***Saaabor!*** e ***“Máis Saaabor!”***, dirixidos por Avelino González e que mesturan música, maxia, humor, ritmo e participación do público, co mundo da gastronomía de fondo.

Os dous nosos protagonistas convértense en dous recoñecidos *chefs* que nos ofrecen pratos para todos os gustos: desde a comida máis práctica e sinxela ata a máis elaborada, sen esquecer o viño e a sobremesa, elaborando un sabroso menú para toda a familia.

Fran Rei é membro da ONG “Pallasos en Rebeldía” que organizan e participan en misións de paz e humanitarias en distintos lugares en conflito como Palestina ou Sahara entre outros.

Foi un dos integrantes de “Os sete Magníficos máis un” xunto ao tristemente falecido Pedro Brandariz formando unha parella famosa polas súas actuacións televisivas no Luar; combina a súa faceta de cómico e actor coa de director teatral en diversos espectáculos como “Concerto singular” ou “Súpergalácticos”.

Felix Rodríguez é profesor de conservatorio, músico e cómico; integrante do grupo galego de humor xestual “Píscore” que recolleu cos seus espectáculos como “Molto Barroco” ou “Concerto Singular” varios galardóns e nominacións aos premios do teatro e a música.



Desastronauts son Raquel Veganzones e Girisho Gordon. Graduados ambos da escola *The Circus Space* de Londres, formaron a compañía Circo Expreso no 2004 en Londres, e pasan a chamarse Desastronauts en 2009.

A súa traxectoria ten levado as súas impresionantes acrobacias por medio mundo: co seu espectáculo *Too High* estiveron de tour co circo británico Happy's Circus, actuaron na Convención Nacional de Malabares en Crawley 2004, participaron no Festival de Glastombury e en varios cabarés de circo en Londres. Gordon chegou a participar no espectáculo de apertura das Olimpíadas Asiáticas en Qatar, e Veganzones levou o seu trapezio ata o Caribe ou a India.

Domingo 7 xullo: Festival de Baile Moderno de Alfaia.

A asociación cultural de ribeira, Alfaia, que participa activamente na oferta cultural ribeirense a través de actividades no Samaín, na Semana Santa, no Nadal ou o San Cristóbal, realizará o seu festival de fin de curso con todos os participantes de baile moderno que ao longo do ano participaron nas actividades de danza de entidade.

Contarase coa participación de preto dun cento de nenas e nenos sobre as táboas do escenario do auditorio municipal onde un vestiario colorido e unha coidade posta en escena farán as delicias do público asistente, baixo a dirección da súa profesora Carmen Pena.

A entrada ao festival, de balde, será xestionada pola propia Alfaia.



***Domingo 14 xullo: Musical solidario “Non estamos tolas” de
MimArte a beneficio da AECC de Ribeira.***

O grupo de teatro musical, técnica vocal e canto MimArte, dirixido por Tania Fuegho porá sobre as táboas do escenario do auditorio municipal un novo musical cheo de cor, música, baile e humor baixo o título de “Non estamos tolas” e destinado de xeito benéfico á Asociación Española Contra o Cancro de Ribeira.

Este espectáculo que terá lugar o domingo 14 de xullo ás 20:00 h, organizado conxuntamente polas dúas entidades, porá fin aos actos de inauguración do auditorio municipal que se prolongarán durante un mes.

A entrada será de balde e por onde de chegada dende 1/2 hora antes do comezo; a organización intalará no vestíbulo do auditorio un posto de merchandising onde poder adquirir diverso material solidario ou rifas para un sorteo que se realizará no transcurso do espectáculo.





Ribeira
CULTURA